

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 22 de decembro de 2014

HORA DE COMEZO: 18:12 h.

HORA DE REMATE: 18:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

**1º.- CONCESIÓN DEMANIAL DE NICHOS NO CEMITERIO DE ALDÁN A
MANUEL OUTEIRAL VILLAR**

Vista a solicitude presentada o día 16.10.13 por MANUEL OUTEIRAL PAZÓ, DNI nº 35.278.255-G, con enderezo en Espiñeira, nº 5-Aldán, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de dous nichos sitos no bloque K, panteón nº 1-letras C e D, do Cemiterio do Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude do Sr. Outeiral Pazó, para concesión de dous nichos no Cemiterio de Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de dous nichos sitios no bloque K, panteón nº 1-letras C e D, do Cemiterio do Aldán.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.265.- LICENZA MUNICIPAL Nº 19.738.- A LARPRO ENGINEERING, S.L., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán ao proxecto básico de vivenda unifamiliar, do 30 de setembro de 2014, do arquitecto Simón Pereiro López Quecuty, acadando as seguintes superficies construídas: 174,65 m²., de planta baixa, 27,90 m²., de primeiro andar, 20,25 m²., de terrazas, unha piscina e 30,00 m²., de muro de contención e condicionada a que, antes do comezo das obras, presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de MIL CIENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (1.154,17 €).

EXPEDIENTE Nº 25.319.- A Alfonso Penela Fernández, para en Espiñeira-Aldán, legalizar unha piscina de 40,25 m²., de conformidade co proxecto de novembro de 2014 de ALFONSO PENELA ARQUITECTOS, S.L.P., e autorización

da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do día 29 de outubro de 2014.

2.A.2) EXPEDIENTE N° 25.062.- RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS RECAÍDA NO EXPEDIENTE 25.062 EN DATA 22/09/2014

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por LAURA RÍO TORAL contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 22 de setembro de 2014, polo que se otorgou licenza de obras n° 24.047 a Amgecabe, S.L., para a construción dunha edificación comercial no lugar de primeira Travesía Xosé María Castroviejo e Camiño do Meiral-Coiro, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Javier Rial Lemos de data xuño de 2014 e accesos a este, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico superior de camiños, canles e portos, Francisco José Carmona López de Arco, de data xuño de 2014 concréntanse os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - O día 22 de setembro de 2014 a Xunta de Goberno local otorgou licenza de obras n° 24.067, a Amgecabe, S.L., para a construción dunha edificación comercial no lugar de primeira Travesía Xosé María Castroviejo e Camiño do Meiral-Coiro, de conformidade co proxecto básico do arquitecto, Javier Rial Lemos de data xuño de 2014 e accesos a este, visto o proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico superior de camiños, canles e portos, Francisco José Carmona López de Arco de data xuño de 2014 e os condicionantes impostos nas autorizacións do Servizo provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestruturas (AXI) do día 11 de setembro de 2014, relativas á liña de edificación, o cerramento e ó acceso á edificación.

SEGUNDO.- No expediente de obras núm. 25.062, obran os informes favorables para a concesión da licenza solicitada e as preceptivas autorizacións sectoriais; informes técnicos dos días 6 de agosto de 2014 e 18 de setembro de 2014 e informe xurídico do día 18 de setembro de 2014, polo que a licenza de obras concedeuse de conformidade co previsto no artigo 194 e 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

TERCEIRO.- O día 22 de outubro de 2014, rexistro de entrada 12.201, Laura Río Toral, actuando no seu propio nome e dereito, formula recurso de reposición fronte o acordo de concesión de licenza de obra núm. 24.047.

CUARTO.- De conformidade co previsto no artigo 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, deuse traslado do recurso formulado ao titular da licenza o día 30 de outubro de 2014, presentando o interesado AMGECABE S.L.Ü., o día 13 de novembro de 2014, rexistro de entrada núm. 13.198, alegacións ao recurso.

QUINTO.- No recurso presentado por Laura Río Toral, solicítase a anulación da licenza de obras concedida, ao tempo que manifesta que se lle teña como parte interesada no expediente, a efectos de recibir as notificacións de todas as actuacións que en relación a este expediente se realicen e, chegado o momento se lle faciliten copia da documentación que soliciten. A fundamentación do recurso pode sintetizarse nos seguintes argumentos:

- Alega que foi outorgada licenza de obras nun solo de núcleo rural para a construción dunha serie de naves con miles de metros cadrados e centos de prazas de aparcamentos, que non resultan autorizables no solo no que se sitúa, xa que, segundo alega, dito uso unicamente pode ser encadrado na categoría quinta do uso comercial das normas subsidiarias do Concello de Cangas, que non está permitido no solo no que se sitúa, SNUA; solo non urbanizable de área de tolerancia.

O recurso baséase en que os usos comerciais permitidos nos núcleos rurais son os de categoría primeira e segunda e fai hipóteses sobre as posibles prazas de aparcamento coas que conta o establecemento licenciado chegando á conclusión da ilegalidade da obra autorizada, sen aportar ningún dato obxectivo relativo ó proxecto aprobado que corrobore dita afirmación.

- Denuncia igualmente o prexuízo no entorno das vivendas unifamiliares que conforman o núcelo no que se pretende implantar.

- Manifesta que o proxecto accesos ó establecemento supón a apertura de novos vieiros en solo rústico e de núcleo, polo que incumpren o disposto no artigo 28.1 d) e 35 da lei 9/2002.

Obra no expediente informe do arquitecto municipal de data 10 de decembro de 2014 do teor literal: -á vista da nova documentación presentada - recurso de reposición - e alegación, remitímonos ao xa informado no expediente n° 25.062 para a concesión de licenza municipal de obras, aclarando en calquera caso, os seguintes termos:

1º.- O uso tramitado e autorizado para o expediente en cuestión é o comercial en 1ª e 2ª categoría. A documentación técnica achegada ao expediente así o recolle, é coherente coas determinacións establecidas ao respecto nas normas de uso e tramitación das normas subsidiarias de planeamiento do municipio de Cangas. O proxecto autorizado non permite, en coherencia coas categorías de uso comercial permitidas, mais de 20 prazas de aparcamiento vinculado á actividade comercial.

Por outra banda, cabe aclarar que a complementariedade do uso comercial no ámbito da ordenanza SNUA e sobre o ámbito e non sobre a parcela.

2º.- O proxecto presentado achegado ao expediente non describe a apertura de novos vieiros.

3º.- O proxecto presentado xustifica de forma pormenorizada o cumprimento das determinacións relativas á tipoloxía edificatoria e determinacións estéticas e compositivas da edificación proxectada reguladas, tanto polas Normas Subsidiarias de planeamento do municipio de Cangas, como pola Lei 9/2002.-

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- No recurso interposto por LAURA RÍO TORAL, apréciase a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa da parte recorrente, así como, a súa interposición en tempo e forma (Disposición adicional cuarta da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

SEGUNDO.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, -Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...-

TERCEIRO.- Visto o informe do arquitecto municipal do día 10 decembro de 2014, que sinala que as obras licenciadas axústanse ao disposto nas normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cangas e ás determinacións da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Por todo o exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por LAURA RÍO TORAL contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 22 de setembro de 2014, polo que se otorgou licenza de obras nº 24.047, a Amgecabe, S.L., para a construción dunha edificación comercial no lugar de 1ª Travesía Xosé María Castroviejo e Camiño do Meiral-Coiro, de conformidade co proxecto básico do arquitecto, Javier Rial Lemos de data xuño de 2014 e accesos a este, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico superior de camiños, canles e portos, Francisco José Carmona López de Arco de data xuño de 2014 e aos condicionantes impostos nas autorizacións do Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestruturas (AXI) de data 11 de setembro de 2014, relativas á liña de edificación, o cerramento e ao acceso á edificación, confirmando a licenza de obras núm. 24.047, en todos os seus termos polos razonamentos expostos no corpo deste informe-proposta.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados.

Contra o apartado primeiro desta resolución, que é definitivo en vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso- administrativo perante ao

xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14º-3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

2.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 25.316.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Manuela Luisa Villar Gamallo, que consiste nunha división en dúas parcelas netas, a n° 1 de 874,00 m2., e a n° 2 de 874,00 m2., e unha parcela de cesión ao vieiro n° 3 de 15,80 m2., procedentes de unha finca matriz de 1.763,80 m2., sita nas Barreiras, n° 39-Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de novembro de 2014, redactado polo arquitecto, Javier Rial Lemos.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública a parcela n° 3.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

EXPEDIENTE N° 25.318.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Angel Iglesias Lorenzo e outros, que consiste nunha agrupación de catro predios sitios no Viso-O Hío, e segregar dúas parcelas resultantes, de conformidade

*** división en dúas parcelas netas, n° 1 de conformidade co proxecto do arquitecto Javier Rial Lemos, de novembro de 2014, das seguintes superficies netas; parcela 1 de 401, 80 m2., que conta cunha edificación de 396,00 m2., sobre rasante e parcela n° 2 de 874, 00 m2., cunha edificación de 316,80 m2. sobre rasante.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

EXPEDIENTE N° 25.323.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove María Pilar González Martínez, que consiste nunha división en dúas parcelas netas, n° 1 de 1038,86 m2., e n° 2 de 1076,32 m2., e dúas parcelas de cesión ao vieiro, n° 3 de 65,30 m2., e n° 4 de

17,52 m2., procedentes da agrupación de dous predios: A de 1967, 00 m2., e B de 231, 00 m2., sitos no Cunchido de Arriba, nº 29-Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de novembro de 2014, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Francisco Sánchez González.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas nº 3 e nº 4.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

2.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 18/2013.- AUTORIZACIÓN PREVIA PETICIONADA POR PEDRO FERNÁNDEZ SANROMÁN, PARA CONSTRUCCIÓN DE PISCINA EN PUNTA TESTADA-O HÍO

A Xunta de Goberno Local, acorda o arquivo do presente expediente, de conformidade coa resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do día 3 de decembro de 2014, pola que se acepta o desestamento do interesado e se declara concluso o procedemento.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advirtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparellador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.879.- A Gabriel Pin Fernández, para en Camping de Espiñeira-Aldán, substituír dous portais, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.928.- A Josefa María Miranda Otero, para en Vilanova-O Hío, colocar unha caseta de xardín para almacén de 12,00 m2., e un porche de 10,20 m2., de conformidade coa documentación presentada.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 24.960.- Salvador González Rodríguez, reparación de cerramento en Liméns-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.306.- Josefa Otero Costas, reparación de cerramento en Parada-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.317.- José Manuel González Martínez, reparación de fachada en Donón, nº 23-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.327.- Manuel Vilariño Fernández, reparación parcial de cuberta en Rúa Diego Xelmírez, nº 4-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.328.- Luis Cordeiro Costas, reparación de beirarrúa en Pinténs, nº 39-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.329.- Eleutino Álvarez Álvarez, cerramento nas Fenteiras-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.333.- Constante Bernárdez Piñeiro, caseta e pérgola en Piñeiro, nº 66-Darbo.

ACTIVIDADES

Incidencias: no tratamento deste expediente ausentouse do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE N° 1.704.- "NEUMÁTICOS Y MANTENIMIENTOS MORRAZO, S.L.", cambio de neumáticos en rúa Seixo, n° 2-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.775.- Ana María Otero Míguez, perruquería na Avda. de Bueu, n° 3-Cangas.

4°.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DA CASA DO MÉDICO DO HÍO"

Examinado o informe do día 19.12.14, emitido por M^a Isabel Medraño Fariña, coordinadora de seguridade e saúde da obra "ACONDICIONAMENTO DA CASA DO MÉDICO DO HÍO", referente ao plan de seguridade e saúde da mencionada obra, que é como segue:

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

OBRA: ACONDICIONAMENTO DA CASA DO MÉDICO DO HÍO

ADXUDICATARIO: CIVIS GLOBAL, S.L.

ASUNTO: informe plan de seguridade e saúde.

M^a Isabel Medraño Fariña, como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras do epígrafe.

INFORMA:

1) *a empresa: CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do R.d. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (B.O.E. 25-10-1997).*

2) *o mencionado plan axústase ao estipulado na lexislación vixente, e polo tanto o técnico que subscribe, o informa favorablemente e propón a súa aprobación."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe do plan de seguridade e saúde da obra "ACONDICIONAMENTO DA CASA DO MÉDICO DO HÍO", emitido pola coordinadora de seguridade e saúde da mencionada obra.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

5º.- SINALIZACIÓN VARIAS

5.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF/ENDEREZO LUGAR INSTALACIÓN

MANUEL ANGEL ESTÉVEZ FERNÁNDEZ

NIF Nº 53.110.794-T A Pedreira, nº 17-Coiro. A Pedreira, nº 17-Coiro. Autorízase o sinal de pasaxe permanente e o pintado de liña amarela na entrada do garaxe.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

5.A.2) SOLICITUDE DE VICTORIA PIÑEIRO MARTÍNEZ S/REPINTADO DE VÍA

Vista a solicitude presentada o día 26.11.14 por VICTORIA PIÑEIRO MARTÍNEZ, con enderezo en Rúa Baiona, nº 8-4ºB-Cangas, na que indica que como consecuencia dos traballos de asfaltado de estradas, reclama o pintado de liña discontinua na estrada PO-551 á altura da Avda. de Vigo, nº 136-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, no que se indica que a vía sobre a que pide repintado é de titularidade da Xunta de Galicia que é quen ter que dar autorización para cambiar a sinalización, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Remitir a solicitude da Sra. Piñeiro Martínez ao Servizo Provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA ANUALIDADE 2014, DA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 28/07/2014, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, PARA ACTUACIÓNS DE CONCELLO INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 19.12.14, referente a aprobación da conta xustificativa da anualidade 2014 da subvención concedida ao abeiro da

Orde do 28.7.14 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para actuacións de concellos incluídos na Rede Natura-2000, que di o seguinte:

“RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA ANUALIDADE 2014 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 28/07/2014 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA ACTUACIÓNS DE CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000

Visto que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ao abeiro da Orde do 28/07/2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000, concédelle ao Concello de Cangas para a realización da actuación -REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS- (expediente P-2014-13) unha axuda para a anualidade 2014, polo importe de 8.985,43 euros e para a anualidade 2015 unha axuda polo importe de 10.995,51 euros.

Visto que por Resolución de Alcaldía do día 17/12/2014 adxudicou á empresa -EXTRACO CONSTRUCCIONES Y PROXECTOS, S.A.-, con CIF 32002644, a REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS, polo importe de 24.176,93 € (21% IVE incluído) para as anualidades 2014 (importe de 10.872,37 €) e 2015 (importe de 13.304,56 €).

Aprobada por Resolución de Alcaldía do día 19/12/2014 a factura N° 001009870001 presentada pola empresa adxudicataria, con CIF32002644, polo importe de 10.872,37 euros correspondente á anualidade 2014.

Vista a toma de razón na contabilidade na partida 2014/0/170-61103, e que os fondos se aplicaron ao fin para o que foi concedida a subvención para a actuación de -REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS-.

Visto o informe da técnica municipal de que se deu cumprimento ao fin para o que foi concedida a subvención.

Efectuado o pagamento do importe da factura n° 001009870001 presentada pola empresa adxudicataria -EXTRACO CONSTRUCCIONES Y PROXECTOS, S.A.-, con CIF 32002644, polo importe de 10.872,37 euros, correspondente á anualidade 2014, o día 19/12/2014, esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa polo importe de DEZ MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (10.872,37 €), en concepto da actuación PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS, con cargo á subvención concedida a este concello para a anualidade 2014 ao abeiro da Orde do 28/07/2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para actuación de concellos incluídos na Rede Natura 2000.

Segundo.- Declarar que para esta axuda que se xustifica non se solicitou, polo tanto, nin foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Terceiro.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación da conta xustificativa da anualidade 2014 da subvención concedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para actuacións de concellos incluídos na Rede Natura-2000.

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

7.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 65/13 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA

Dase conta de sentenza nº 65/13 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 336/2011, promovida por Angel Fernández Vilar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 65/13 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 336/2011, promovida por Angel Fernández Vilar.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO, RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 41 (INICIALMENTE Nº 63) DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dáse conta de proposta do día 18.12.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 41 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"Ref. : Ap. Xco. Secretaría V-14/056

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE N° 41 (INICIALMENTE N° 63) DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local do día 24/11/2014, foi autorizada a transmisión do posto de peixe n° 41 (inicialmente n° 63) da Praza de Abastos solicitada por escrito de rexistro de entrada n° 11.177 do 26/09/2014, do que era titular, REBECA HERNÁNDEZ ALFONSO, con DNI 36122265Y, con enderezo a efectos de notificacións na Choupana, n° 13 Bloque I, 2ªA, a favor de CARMEN CORDEIRO MIRANDA, DNI n° 35276324M, con enderezo a efectos de notificacións na Serra de Nacente, n° 20-Darbo (Cangas).

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior ás interesadas, estas dentro do período previsto regulamentariamente para tal efecto comunican que, a transmisión se fixo efectiva mediante escrito con rexistro de entrada n° 114.623 do 18/12/2014. Achegando xustificante da alta da adquirente na Seguridade Social e n° de conta a efectos da domiciliación dos cobros derivados do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

'(...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.'

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto de peixe n° 41 (inicialmente n° 63) do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular, REBECA HERNÁNDEZ ALFONSO, DNI 36122265Y, a favor de CARMEN CORDEIRO MIRANDA, DNI n° 35276324M.

SEGUNDO.- Declarar que CARMEN CORDEIRO MIRANDA, DNI n° 35276324M, ten adquirido a concesión do posto de peixe n° 41 da Praza de Abastos, sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á transmisión efectiva do posto de venda de peixe n° 41 do Mercado Municipal de Abastos.

B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO, RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE N° 1 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dáse conta de proposta do día 18.12.14 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a transmisión efectiva do posto de venda de peixe n° 1 do Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

"Ref. : Ap. Xco. Secretaría V-14/065

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE N° 1 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local do día 10/11 /2014 foi autorizada a transmisión do posto de peixe n° 1 da Praza de Abastos, solicitada por escrito de rexistro de entrada n° 12684 do 03/11/2014, CECILIA RODAL GERMADE,

DNI 36079612H, con enderezo a efectos de notificacións en Meiro n° 19-Bueu, e a súa nai, BASELISA GERMADE CHAPELA, DNI 36079612H.

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior ás interesadas, estas dentro do período previsto regulamentariamente para tal efecto comunican que a transmisión se fixo efectiva mediante escrito do día 15/12/2014, con rexistro de entrada n° 14.416 do 15/12/2014.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31, dispón:

'(...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.'

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto n° 1 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que era titular BASELISA GERMADE CHAPELA, DNI 36079612H, a favor de CECILIA RODAL GERMADE, DNI 36079612H.

SEGUNDO.- Declarar que CECILIA RODAL GERMADE, DNI 36079612H, ten adquirido a concesión do posto de peixe n° 1 da Praza de Abastos, sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 1 do Mercado Municipal de Abastos.

C) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO, RELATIVA A BAIXA DO POSTO DE VENDA AMBULANTE DO QUE ERA TITULAR JOSÉ SANTOS CHAPELA

Dáse conta de proposta da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a baixa do posto de venda ambulante do que era titular José Santos Chapela, que é como segue:

“Ref.: Ap. Xco. Secretaría V-14/072

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A BAIXA DO POSTO DE VENDA AMBULANTE DO QUE ERA TITULAR JOSÉ SANTOS CHAPELA

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 17/12/2014, JOSÉ SANTOS CHAPELA, con DNI 35293429K e enderezo en Rúa Chano Piñeiro, 9-5A-36208-Vigo, expón que por motivos de saúde non pode seguir atendendo o posto de venda ambulante do que é titular no mercado de martes e venres de Cangas, polo que solicita que tomando en consideración a súa renuncia voluntaria á autorización da que é titular, se lle dea de baixa no mes que andamos para que non xere o recibo correspondente ao vindeiro trimestre.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) recolle a renuncia voluntaria no seu artigo 18 como un dos supostos de extinción anticipada da autorización relacionando unha serie de supostos que se asimilan a esta.

II.- Por se fose pouco e para o fin que pretende o interesado no presente caso, que é o de que non se lle pase ao cobro o recibo do vindeiro trimestre, bastaría con que non presentase a solicitude de renovación para o vindeiro ano 2015.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia voluntaria presentada por José Santos Chapela e declarar extinguida a autorización de venda ambulante da

que era titular para o mercado de martes e venres, tramitando en consecuencia a súa baixa no padrón de cobro da taxa correspondente.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, e Tesourería, xunto cos recursos procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a baixa do posto de venda ambulante do que era titular José Santos Chapela.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente